



(F\_TOD\_30)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA  
INSTALACION DE QUIOSCOS NA VIA PUBLICA

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
18/11/2005	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	270	01/01/2006
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
03/11/2009	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	293	23/12/2009
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [informatica@concellodemonforte.com](mailto:informatica@concellodemonforte.com) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA .....	3
ARTIGO -2- FEITO IMPONIBLE .....	3
ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS .....	3
ARTIGO -4- BASE IMPOÑIBLE E TARIFA .....	3
ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN .....	3
ARTIGO -6- DEVEÑO E PERIODO IMPOSITIVO .....	3
ARTIGO -7- RÉXIMEN DE LIQUIDACIÓN E PAGO .....	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL .....	4
DISPOSICIÓN FINAL .....	4

## ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co establecido nos Artigos 57 e 20.3 letra m do R.D. Lexislativo 2 / 2004 de 5 marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do mesmo texto legal , o Concello de Monforte establece a Taxa pola instalación de quioscos na vía pública que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

## ARTIGO -2- FEITO IMPONIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial que resulte da instalación de quioscos na vía pública.

## ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria a favor das que se outorguen as concesións ou autorizacións ou as que se beneficien do aproveitamento.

Os obrigados tributarios da taxa de vencemento periódico que non residan en España, deberán designar un representante con domicilio en territorio español e comunicar a súa designación ao Concello antes do primeiro deveño da taxa posterior a primeira alta no rexistro de contribuíntes.

## ARTIGO -4- BASE IMPOÑIBLE E TARIFA

No suposto que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinada polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adjudicación. Noutro caso tomarase como base para a determinación do importe da Taxa os seguintes criterios:

DESCRICIÓN	€ / Ano
Quiosco modelo Alhambra prensa con aseo	977,84
Quiosco modelo Alhambra prensa	1.119,00
Quiosco modelo Alhambra churros	1.200,08

## ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa regulada nesta ordenanza é independente e compatible coa taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente concesión
3. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.
4. A presentación da baixa terá efectos a partir do exercicio seguinte a súa solicitude. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.
5. As concesións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da concesión

## ARTIGO -6- DEVEÑO E PERIODO IMPOSITIVO

O deveño da taxa regulada nesta ordenanza nace:

- a) Tratándose de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de iniciarse a utilización privativa ou aproveitamento especial resultante da ocupación da vía pública , que se entende que coincide coa da concesión da concesión ou autorización.

b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e unha vez incluídos nos padróns ou matrículas, a 1 de xaneiro.

## ARTIGO -7- RÉXIMEN DE LIQUIDACIÓN E PAGO

O pagamento da taxa realizarase:

- a) Tratándose de novos aproveitamentos mediante liquidación no momento do outorgamento da concesión.
- b) No caso de aproveitamentos xa autorizados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas ingresarase a contía correspondente ao período anual. O Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que , reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos .

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 18 de novembro de 2005 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 270 de 25 de novembro sen que se produciran reclamacións, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 3 de novembro de 2009 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 do día 23 de decembro de 2009.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca